

# ASOCIACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE AVANTE

## MEMORIA ECONÓMICA 2024

### 1. INTRODUCCIÓN

#### 1.1.- Natureza

No ano 1982 constitúese no Concello de Val de Dubra a asociación denominada “Grupo de minusválidos de Val de Dubra” que se rexerá pola Lei de Asociacións nº191/1964, do 27 de decembro.

Nesta asociación estaban integradas as persoas con discapacidade do Concello de Val de Dubra. Inscríbese no Rexistro de Entidades da Comunidade Galega en maio do ano 1984, co nº 97.

A partires do ano 1999, por mor da demanda dos concellos limítrofes, viuse a necesidade de abranguer novos concellos, pasando a englobar a Trazo e a Tordoia.

Na Asemblea Xeral Extraordinaria do 29 de novembro de 1999 decídese, por unanimidade, que a Asociación pase a denominarse “AMIVALDU” (Asociación de Minusválidos de Val de Dubra e Comarca).

No ano 2002 o Concello de Santa Comba pasa a incorporarse ó ámbito de actuación da Asociación ,e no 2007 os concellos de A Baña, Cerceda e Ordes.

Na Asemblea Xeral Extraordinaria do 26 de maio de 2007 decídese por unanimidade que a asociación pase a denominarse **Asociación de Persoas con Discapacidade AVANTE**.

AVANTE é unha entidade sen fins lucrativos que ten como misión promover e coordinar a defensa dos dereitos das persoas con discapacidade cara a súa plena integración. Este obxectivo realízase por mediación da propia Asociación, así como colaborando coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, da que forma parte.

Con data 16 de novembro de 2011 foi notificado o seu recoñecemento de utilidade pública, no DOG Orde do 4 de novembro de 2011, por parte da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Secretaría Xeral Técnica.

A Asociación de Persoas con Discapacidade Avante forma parte de Cogami, Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, dende o ano 2011.

Ademais figura inscrita no rexistro correspondente da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, como entidade prestadora de Servizos Sociais.

O seu domicilio social está localizado en Costa de Nariño-Niveiro, s/n, 15873-Val do Dubra.

Os seus fins estatutarios, de maneira sintetizada, son:

- Defender a dignidade e os dereitos das persoas con discapacidade.

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011  
Páxina 1 de 27





- Promover a plena integración social, algo que en si mesmo conleva unha integración cultural e formativa, e unha integración económica e laboral, naqueles casos que sexa posible.
- Promover as distintas actuacións necesarias e realizar os programas precisos para poder levar a cabo os obxectivos marcados nos dous primeiros puntos.
- Fomentar a unión das persoas con discapacidade, facilitándolles os medios para acadar a súa dignificación e respecto.
- Promocionar, participar e crear iniciativas que primen a inserción laboral de persoas con discapacidade na empresa tradicional ou en Centros Especiais de Emprego.
- Promocionar, participar e poñer en funcionamento todas as actividades de carácter cultural e rehabilitador que supoñan unha mellora na calidade de vida das persoas con discapacidade.

## 1.2.- Actividades realizadas

Detallamos separadamente a actividade vencellada ao centro ocupacional e a vencellada ao centro de día, ademais da vivenda tutelada, para o 2024.

### A) No centro ocupacional de Niveiro ofrecéronse os seguintes servizos:

- Formación de adultos, co obxecto de adquirir e potenciar coñecementos, habilidades e capacidades que faciliten a integración socio-laboral do colectivo. Participaron 21 persoas.
- Taller de habilidades sociais, para desenrolar as habilidades precisas para establecer intercambios sociais positivos. Participaron 21 persoas.
- Taller de coiro, co obxecto de coñecer o proceso de elaboración dun produto de coiro e levalo á práctica. Participaron 21 persoas.
- Taller de horticultura e viveirismo, para adquirir as habilidades e destrezas básicas de traballo en horta e con plantas, tanto dentro do invernadoiro como ao aire libre. 20 participantes participaron nesta actividade cultivando parte dos alimentos que consume o centro.
- Informática, coñecer a informática como unha ferramenta de integración socio-laboral das persoas con discapacidade. Participaron as 16 persoas usuarias do Centro Ocupacional.
- Terapia ocupacional, fomentando a autonomía persoal no referido a habilidades básicas e instrumentais da vida diaria. Participaron as 21 persoas usuarias do Centro Ocupacional.
- Ximnasia de mantemento, co obxecto de romper có sedentarismo que sofren a maioría das persoas que acoden ao centro. Participaron 21 persoas.
- Fisioterapia, co obxecto de achegar ao rural un servizo de rehabilitación física, e complementar á actividade de ximnasia de mantemento. Participaron 10 persoas.

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011

Páxina 2 de 27



- Psicomotricidade, co obxecto de incidir no desenvolvemento motriz e cognitivo da persoa. Participaron 21 persoas usuarias do Centro Ocupacional
- Logopedia, para dotar das ferramentas facilitadoras da comunicación. 4 persoas do Centro Ocupacional participaron nesta actividade.
- Psicología para mellorar o benestar emocional e as habilidades de interacción social. 8 usuarios do Centro Ocupacional participaron en sesións individuais e 18 en sesións grupais.
- Actividades de lecer, que busca dispoñer dun marco adicado exclusivamente ao desfrute persoal. Os 21 usuarios do Centro Ocupacional participaron en diversas actividades das que formaron o programa.
- No marco das actividades de sensibilización visitamos 13 colexios de nove concellos distintos da nosa contorna. Un total de 774 alumnos e 30 profesionais da educación participaron nas actividades de sensibilización.

Nunha campaña dun mes, xunto coa cooperativa Creativas Galegas e co apoio do Concello de Santiago, as persoas usuarias montaron unha exposición con venda e organizaron obradoiros de artesanía abertos ao público no centro de Santiago.




O grupo de horticultura montou unha exposición permanente nunha floristería de Bembibre con exposición e venda de produtos dos distinto obradoiros e flores e plantas decorativas da nosa horta.

O grupo de teatro de Avante, en colaboración con Culturactiva Sociedade Cooperativa, presentou unha adaptación do Mercader de Venecia de Shakespeare para alumnos de secundaria.

- Transporte adaptado, permite ás persoas usuarias do centro de recursos asistir diariamente ás actividades, para o que a asociación dispón de seis furgonetas adaptadas en propiedade.
- Servizo de comedor, o centro conta cunha cociñeira que diariamente prepara a comida na cociña do propio centro. Os menús, elaborados por un nutricionista, sempre contan cun primeiro, un segundo prato e sobremesa.

**B) Dentro do Centro de Día de Niveiro ofertáronse as actividades seguintes:**

- Formación de adultos, no que participaron 10 persoas.
- Taller de habilidades sociais, no que participaron 10 persoas.
- Taller de encadernación, no que participaron 10 persoas.
- Informática, na que participaron 5 persoas.
- Terapia ocupacional. Participaron as 10 persoas usuarias do Centro de Día
- Ximnasia de mantemento, na que participaron 11 persoas.
- Fisioterapia, na que participaron 6 persoas.

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011

Páxina 3 de 27

- Psicomotricidade, no que participaron 10 persoas.
- Logopedia, na que están integradas 7 persoas.
- Actividades de lecer teñen como finalidade dispoñer dun marco dedicado exclusivamente o disfrute. Participaron 10 usuarios. En 2024 houbo excursións para ir ao teatro, concertos e actividades deportivas como xornada ecuestre campamentos de vela, excursións en barco e visitas á piscina municipal.
- Actividades de sensibilización para dar a coñecer a realidade das persoas con discapacidade interactuando coa sociedade que rodea o centro. Oito persoas do Centro de Día participaron en obradoiros abertos ao público en Santiago de Compostela e nunha obra de teatro en Bembibre.
- Servizo de transporte adaptado permite que os usuarios do centro poidan asistir diariamente as actividades
- Servizo de comedor, este servizo préstase diariamente e téntase ofrecer unha dieta equilibrada e nutritiva, contando coa posibilidade de realizar menús personalizados cando sexa preciso por prescripción médica.

**C) A vivenda tutelada** está dentro do marco de promoción da vida autónoma.

Ofrece os servizos propios dun recurso de carácter residencial (aloxamento, lavandería, manutención, etc.) pero dende a perspectiva da autoxestión e a realización por parte das persoas usuarias da mesma.

Na práctica tradúcese nos seguintes programas:

- Habilidades instrumentais (coa autoxestión das tarefas propias do fogar)
- Habilidades de relación social
- Tempo de lecer e ocio
- Aloxamento temporal por emerxencia social


Durante o ano 2024 foron 4 as persoas que se beneficiaron do servizo.

## 2.- BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

### 2.1.- Imaxe fiel do patrimonio

#### a) Imaxe fiel.

As contas anuais do exercicio 2024 foron elaboradas a partires dos rexistros contables da Asociación a 31 de decembro de 2024, e, nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos na Resolución do 26 de marzo de 2013, do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas, pola que se aproba o Plan de Contabilidade de PEMES das entidades sen fins lucrativos e o resto de disposicións legais vixentes en materia contable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Asociación.

  
Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011

**b).- Razóns excepcionais de non aplicación de disposicións legais en materia contable.**

A entidade non aplica principios contables non obrigatorios

**c).- Información complementaria adicional relativa á imaxe fiel.**

A Asociación Avante non aporta información complementaria adicional necesaria relativa á imaxe fiel do patrimonio.

**2.2.- Principios contables non obrigatorios**

Aplicanse todos os principios contables obrigatorios establecidos no Código de Comercio, no Plan Xeral de Contabilidade e nas normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade para as entidades sen fins de lucro, non sendo preciso apartarse dos mesmos sen aplicar outros alternativos.

**2.3.- Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza**

a) A Asociación Avante non aplicou ningún cambio nas súas estimacións contables derivadas de aspectos críticos de valoración.

b) A entidade segue, en todo momento, o principio de empresa en funcionamento. Os criterios de valoración dos seus activos, pasivos e patrimonio réxense de acordo a este principio. A estimación de incerteza por parte da Asociación non excede dos parámetros considerados de normalidade no campo no que opera.

Por iso órgano do goberno considerou a situación de alarma sanitaria pola pandemia xerada polo COVID-19 no momento da formulación das contas anuais e os seus posibles efectos na entidade, non existindo risco de continuidade.

**2.4.- Comparación da información**

A entidade non modificou a estrutura do balance, da conta de perdas e ganancias do exercicio anterior.

**2.5.- Elementos recollidos en varias partidas**

As contas anuais da Asociación Avante non teñen ningunha partida que fora obxecto de agrupación no balance, ou na conta de perdas e ganancias.

**2.6.- Cambios en criterios contables**

Non houbo cambios nos criterios contables durante o ano 2024.

**2.7.- Corrección de erros**

As contas anuais do exercicio 2024 incluíron axustes realizados como consecuencia de erros detectados e que corresponden a exercicios anteriores.

O importe das correccións realizadas no exercicio 2024 por erros correspondentes a exercicios pasados ascenderon a -1.931,32 euros netos (+3.000,00 euros netos no exercicio 2023).





Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011

Páxina 5 de 27







### 3. EXCEDENTE DO EXERCICIO

#### 3.1.- Excedente do exercicio

No exercicio 2024 obtense como resultado das súas actividades ordinarias un excedente positivo de +46.778,22€.

#### 3.2.- Aplicación de resultados

A Xunta Directiva da Asociación Avante propondrá a aprobación da distribución de resultados do exercicio terminado a 31 de decembro do 2024 que se indica na seguinte forma:

BASE DO REPARTO	IMPORTE
Excedente do exercicio	46.778,22
Remanente	
Reservas voluntarias	
Outras reservas de libre disposición	
<b>TOTAL.....</b>	<b>46.778,22</b>
APLICACIÓN	IMPORTE
A fondo social	
A reservas especiais	
A reservas voluntarias	
Compensación resultados negativos de exercicios anteriores	46.778,22
<b>TOTAL.....</b>	<b>46.778,22</b>

Durante o ano 2024 a entidade traspasou os resultados obtidos no exercicio anterior á conta de Resultados negativos de exercicios anteriores, por un importe de -16.328,54€.

#### 3.3.- Limitacións na aplicación dos excedentes

Non existen limitacións para a distribucións de resultados propostos no apartado anterior.

### 4. NORMAS DE REXISTRO E VALORACIÓN

#### 4.1.- Inmobilizado intanxible

O inmobilizado intanxible recóllese no Balance cando e probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económico para a entidade no futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual do PXC Pemes para ENL, apartado 5 punto 1). Ademais debe cumprir có criterio de

*[Handwritten signatures and notes]*  
 Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011  
 Páxina 6 de 27



identificabilidade, cumprindo o dito inmovilizado con algún dos requisitos seguintes:

- Que sexa separable, é dicir, susceptible de ser separado da entidade e vendido, cedido, entregado para a súa explotación, arrendado ou intercambiado.

- Que xurda de dereitos legais ou separables da entidade ou doutros dereitos ou obrigas.

A Asociación Avante recolle no balance un inmovilizado inmaterial correspondente a cesión do actual centro ocupacional por parte do Concello de Val do Dubra. A dita cesión ten unha duración de 30 anos (a partires da data de cesión, que foi no 2004).

#### 4.2.- Inmovilizado material

O inmovilizado material recoñécese no Balance cando é probable a obtención a partires do mesmo, de beneficios ou rendementos económicos para entidade nun futuro, e sempre que se poida valorar con fiabilidade. O recoñecemento contable dun activo implica tamén o recoñecemento simultáneo dun pasivo, a diminución doutro activo e o recoñecemento dun ingreso ou outros incrementos no patrimonio neto. (Marco conceptual, apartado 5 punto 1). Preséntase ao custe de adquisición, incluíndo no mesmo os gastos adicionais que se produciron ata a súa posta en condicións de funcionamento.

Os gastos de reparacións e mantemento, que non supoñen unha prolongación da vida útil dos elementos do inmovilizado, recoñécense coma gastos no exercicio no que se producen.

A dotación anual da amortización calcúlase polo método lineal en función da vida útil estimada.

No presente exercicio procedeuse a amortizar a máximos todo o inmovilizado, segundo as Táboas de Amortización aprobadas no Real Decreto 1777/2004 de 30 de xullo.

A vida útil estimada por partidas de inmovilizado material foron as seguintes (en porcentaxes e anos derivados da cesión do ben):

Inmovilizado material	% depreciación
Construcións .....	30 anos
Instalacións técnicas.....	10%
Maquinaria.....	12%
Utillaxe.....	30%
Mobiliario.....	10-20%
Equipos procesos Información.....	25%
Elementos transporte.....	16%
Outro Inmovilizado material.....	10%

#### 4.3.- Terreos e construcións como investimentos inmobiliarios

Avante non posúe bens recollidos nesta partida.

#### 4.4.- Bens integrantes do Patrimonio Histórico

A entidade non ten bens integrantes do Patrimonio Histórico.

#### 4.5.- Permutas

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 15 novembro 2011



Durante o exercicio 2024 non existiron permutas.

#### 4.6.- Créditos e débitos pola actividade propia

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

Non existen créditos ou débitos a longo prazo; son todos a curto prazo.

#### 4.7.- Activos e pasivos financeiros

Poden ser activos financeiros ou pasivos financeiros.

A entidade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha entidade e, simultaneamente, a un pasivo ou instrumento de patrimonio na contrapartida. Considéranse por tanto, instrumentos financeiros os seguintes:

##### Activos financeiros:

Valóranse segundo a seguinte clasificación:

• *Activos financeiros mantidos para negociar*: inclúen activos financeiros adquiridos co propósito de vendelos no curto prazo. Estes activos valóranse posteriormente ao seu valor razoable e no seu caso, os cambios de valor razoable rexístranse directamente na conta de perdas e ganancias.

• *Activos financeiros a custo amortizado*: inclúense nesta categoría aqueles créditos orixinados polo tráfico habitual da actividade así como aqueles activos financeiros que non sendo instrumentos de patrimonio nin derivados, non teñen orixe comercial e cuxos cobros son de contía determinado ou determinable. Valóranse inicialmente á custo e nas valoracións seguintes valóranse a custo amortizado. Ao fin do exercicio analízase se resulta preciso practicar deterioro de valor sobre os mesmos.

• *Activos financeiros a custo*: inclúense as inversións en patrimonio de empresas do grupo, multigrupo e asociadas así como os demais instrumentos de patrimonio salvo que sexan clasificados como Activos financeiros mantidos para negociar. Ao menos a fin do exercicio efectúase a corrección valorativa precisa se hai evidencia de que o seu valor é inferior ao contabilizado.

##### Pasivos financeiros:




Valóranse segundo a seguinte clasificación:

• *Pasivos financeiros a custo amortizado*: compostos por débitos por operacións de orixe comercial e débitos por operacións non comerciais, distintos de instrumentos derivados. Valóranse inicialmente polo custo equivalente ao valor razoable da contraprestación recibida e posteriormente valóranse polo custo amortizado.

• *Pasivos financeiros mantidos para negociar*: son os instrumentos financeiros derivados e valóranse cos mesmos criterios que os activos financeiros mantidos para negociar.

#### 4.8.- Existencias

Avante a 31/12/2024 non posúe existencias en almacén.

  
Celsa Calvino  
  
  
e 24 7ced



#### 4.9.- Transaccións en moeda estranxeira

Durante o exercicio económico 2024 non se produciron transaccións en moeda estranxeira.

#### 4.10.- Imposto sobre beneficios

Durante o exercicio económico 2024 as fontes de ingresos de Avante consistiron en un contrato coa Xunta de Galicia por prazas en Centro de Día, así como subvencións e doazóns ou aportacións de patrocinadores/colaboradores, así como das cotas dos seus socios e afiliados e o copago por praza dos usuarios do centro.

Ao ser Avante unha entidade sen fins de lucro e estar parcialmente exenta do imposto de sociedades (artigo 9.3 texto refundido da Lei do Imposto de Sociedades) só tributará por aqueles ingresos xerados por actividades económicas. No ano 2024 a Asociación Avante non tivo ingresos xerados por actividades económicas.

#### 4.11.- Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos impútanse en función da corrente real dos bens e servizos que representan e con independencia do momento en que se produza a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

A entidade rexistra os gastos de persoal mensualmente. As cargas sociais devéngase no mes correspondente e págase a mes vencido. Os gastos de formación si existiran se rexistran no momento do seu compromiso.

#### 4.12.- Provisións e continxencias

Non existen provisións e continxencias durante o exercicio 2024.

#### 4.13.- Subvencións, doazóns e legados

As subvencións, doazóns e legados contabilízanse con carácter xeral, como ingresos directamente imputables ao patrimonio neto, e son recoñecidos na Conta de Resultados como ingresos sobre unha base sistemática, de forma correlativa cos gastos derivados da subvención.

As subvencións, doazóns e legados que teñan o carácter de reintegrables rexistraranse como pasivo ata que adquiran o carácter de non reintegrables. A estes efectos considéranse como non reintegrables cando cumplan as condicións polas que foron concedidas, e non existan dúbidas razoables para a súa recepción.

As subvencións, doazóns e legados de carácter monetario valóranse polo valor razoable do importe concedido, e as de carácter non monetario ou en especie polo valor razoable do ben recibido, referenciados ámbolos dous valores no momento do seu recoñecemento.

A imputación a resultados das subvencións que teñan o carácter de non reintegrables efectúase atendendo a súa finalidade. Neste senso, o criterio de imputación a resultados dunha subvención monetaria é o mesmo que o aplicado a outra subvención recibida en especie.

A estes efectos de imputación de resultados distínguense os seguintes tipos de subvencións:

a).- Cando se conceden para asegurar unha rendibilidade mínima ou para compensar os déficits de explotación, impútanse como ingresos no exercicio que se conceden.

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011

Páxina 9 de 27



b).- Cando se conceden para financiar gastos específicos, impútanse como ingresos no exercicio no que se producen os gastos que están financiando.

c).- Cando se conceden para financiar a adquisición de activos, impútanse como ingresos na mesma proporción en que se produce a amortización por deterioro do ben.

d).- Cando se concede para unha finalidade específica, impútanse no exercicio no que se recoñece.

#### 4.14.- Negocios conxuntos

No ano 2024 Avante non realizou negocios conxuntos.

#### 4.15.- Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas

Asociación durante o exercicio 2024 realiza transaccións entre partes vinculadas e que serán explicadas no punto 16 desta memoria.

### 5. INMOBILIZADO MATERIAL, INTANXIBLE E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

O movemento que houbo durante o exercicio 2024 nas contas incluídas neste epígrafe e as súas correspondentes amortizacións son as seguintes:

#### Inmovilizado inmaterial (2024)

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Cesión centro ocupacional	176.706,79	0,00	0,00	176.706,79
Aplicacións Informáticas	115,43	0,00	0,00	115,43
<b>TOTAL.....</b>	<b>176.822,22</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>176.822,22</b>

AMORTIZACIÓN ACUMULADA					Valor neto Contable
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	
Cesión centro ocupacional	112.204,78	5.890,23		118.095,01	58.611,78
Aplicacións Informáticas	101,00	14,43		115,43	0,00
<b>TOTAL.....</b>	<b>112.305,78</b>	<b>5.904,66</b>	<b>0,00</b>	<b>118.210,44</b>	<b>58.611,78</b>

#### Inmovilizado inmaterial (2023)

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Cesión centro ocupacional	176.706,79	0,00	0,00	176.706,79
Aplicacións Informáticas	115,43	0,00	0,00	115,43
<b>TOTAL.....</b>	<b>176.822,22</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>176.822,22</b>

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011

Páxina 10 de 27



AMORTIZACIÓN ACUMULADA					Valor neto Contable
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	
Cesión centro ocupacional	106.314,53	5.890,25		112.204,78	64.502,01
Aplicacións Informáticas	72,09	28,91		101,00	14,43
<b>TOTAL.....</b>	<b>106.386,62</b>	<b>5.919,16</b>	<b>0,00</b>	<b>112.305,78</b>	<b>64.516,44</b>

**Inmovilizado Material (2024)**

CUSTO DE ADQUISICIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Terreos e bens naturais	3.500,00			3.500,00
Construcións	349.849,10			349.849,10
Vivenda tutelada	414.345,95			414.345,95
Instalacións técnicas	27.063,68			27.063,68
Maquinaria	21.142,12			21.142,12
Utilexe	5.127,61	337,67		5.465,28
Mobiliario	29.252,66			29.252,66
Mobiliario Vivenda tutelada	25.881,30			25.881,30
Equipos Proc. Información	22.391,49	1.727,26		24.118,75
Elementos de transporte	209.254,15	48.909,60		258.163,75
Outro Inmovilizado Material	23.609,10	1.320,88		24.929,98
<b>TOTAL.....</b>	<b>1.131.417,16</b>	<b>52.295,41</b>	<b>0,00</b>	<b>1.183.712,57</b>

AMORTIZACIÓN ACUMULADA					Valor neto Contable
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	
Terreos e bens naturais	0,00	0,00		0,00	3.500,00
Construcións	214.297,44	13.006,92		227.304,36	122.544,74
Vivenda tutelada	157.451,47	12.430,38		169.881,85	244.464,10
Instalacións técnicas	27.051,25	12,43		27.063,68	0,00
Maquinaria	19.189,53	701,82		19.891,35	1.250,77
Utilexe	4.807,37	230,16		5.037,53	427,75
Mobiliario	28.837,86	185,83		29.023,69	228,97
Mobiliario Vivenda tutelada	25.457,21	79,00		25.536,21	345,09
Equipos Proc. Información	19.628,32	1.309,86		20.938,18	3.180,57
Elementos de transporte	152.764,23	14.316,04		167.080,27	91.083,48
Outro Inmovilizado Material	23.185,26	106,21		23.291,47	1.638,51
<b>TOTAL.....</b>	<b>672.669,94</b>	<b>42.378,65</b>	<b>0,00</b>	<b>715.048,59</b>	<b>468.663,98</b>

**Inmovilizado Material (2023)**

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011  
 Páxina 11 de 27



CUSTO DE ADQUISIÓN				
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final
Terreos e bens naturais	3.500,00			3.500,00
Construcións	349.849,10			349.849,10
Vivenda tutelada	414.345,95			414.345,95
Instalacións técnicas	27.063,68			27.063,68
Maquinaria	21.142,12			21.142,12
Utilexe	5.127,61			5.127,61
Mobiliario	29.252,66			29.252,66
Mobiliario Vivenda tutelada	25.881,30			25.881,30
Equipos Proc. Información	21.084,69	1.306,80		22.391,49
Elementos de transporte	152.052,42	57.201,73		209.254,15
Outro Inmobilizado Material	23.609,10			23.609,10
<b>TOTAL.....</b>	<b>1.072.908,63</b>	<b>58.508,53</b>	<b>0,00</b>	<b>1.131.417,16</b>

AMORTIZACIÓN ACUMULADA					Valor neto Contable
	Saldo inicial	Adicións	Retiros	Saldo final	
Terreos e bens naturais	0,00	0,00		0,00	3.500,00
Construcións	201.290,51	13.006,93		214.297,44	135.551,66
Vivenda tutelada	145.021,04	12.430,43		157.451,47	256.894,48
Instalacións técnicas	26.832,23	219,02		27.051,25	12,43
Maquinaria	18.487,70	701,83		19.189,53	1.952,59
Utilexe	4.532,94	274,43		4.807,37	320,24
Mobiliario	28.400,42	437,44		28.837,86	414,80
Mobiliario Vivenda tutelada	25.378,17	79,04		25.457,21	424,09
Equipos Proc. Información	18.293,45	1.334,87		19.628,32	2.763,17
Elementos de transporte	148.058,14	4.706,09		152.764,23	56.489,92
Outro Inmobilizado Material	23.107,73	77,53		23.185,26	423,84
<b>TOTAL.....</b>	<b>639.402,33</b>	<b>33.267,61</b>	<b>0,00</b>	<b>672.669,94</b>	<b>458.747,22</b>

## 6. BENS DO PATRIMONIO HISTÓRICO

Non existen saldos dentro das partidas de balance incluídas dentro deste epígrafe.

## 7. USUARIOS E OUTROS DEBEDORES DA ACTIVIDADE PROPIA

*Yosina*  
*Celsa Calvo*

*[Handwritten signature]*

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011  
Páxina 12 de 27

*e de Xosé*

*[Handwritten signature]*



Denominación da conta	Saldo inicial	Entradas	Saídas	Saldo Final
Usuarios debedores	4.125,00	39.129,57	39.811,83	3.442,74
Socios e Afiliados		144,00	144,00	0,00
Patrocinadores	76.110,21	14.940,25	78.983,41	12.067,05
<b>TOTAIS.....</b>	<b>80.235,21</b>	<b>54.213,82</b>	<b>118.939,24</b>	<b>15.509,79</b>

As cotas de socios/afiliados e outros debedores da actividade propia contabilízanse aplicando o principio de devengo, independentemente do momento do cobro das mesmas.

A partida de usuarios/debedores recolle as cotas dos usuarios do mes de decembro pendentes de cobro e que se cobrarán no ano seguinte.

A partida de patrocinadores recolle as cantidades pendentes de cobro por importes a percibir para contribuir aos fins da actividade propia, en particular as doazóns e subvencións de entidades privadas.

## 8. BENEFICIARIOS-ACREEDORES

Non existen partidas recollidas no epígrafe C.IV do pasivo de balance "Beneficiarios-Acreedores".

## 9. ACTIVOS FINANCEIROS

### 9.1. Categorías de activos financeiros

Clases	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTAIS
	Instrumentos de patrimonio	Créditos	Instrumentos de patrimonio	Créditos	
<b>2024</b>					
Préstamos e partidas a cobrar:		72,80		94.148,55	94.221,35
Inversións mantidas hasta o vencemento					
Activos fº mantidos para negociar					
Outros activos fº a v. Razoable					
Inversións emprs grupo, multigrupo e asocs				20.000,00	20.000,00
<b>TOTALES:</b>	<b>0,00</b>	<b>72,80</b>	<b>0,00</b>	<b>114.148,55</b>	<b>114.221,35</b>

*Celsa Calvino*

Asociación Avante Declarada de Utilidade Pública Orde 4 de novembro 2011 DOGA 219 de 16 novembro 2011

Páxina 13 de 27



Clases Categ.	Instrumentos financeiros a longo prazo		Instrumentos financeiros a curto prazo		TOTALS
	Instrumentos de patrimonio	Créditos	Instrumentos de patrimonio	Créditos	
<b>2023</b>					
Préstamos e partidas a cobrar:		72,80		121.203,87	<b>121.276,67</b>
Inversións mantidas hasta o vencemento					
Activos fº mantidos para negociar					
Outros activos fº a v. Razoable					
Inversións emprs grupo, multigrupo e asocs				20.000,00	<b>20.000,00</b>
<b>TOTALES:</b>	<b>0,00</b>	<b>72,80</b>	<b>0,00</b>	<b>141.203,87</b>	<b>141.276,67</b>

**Longo prazo**

- **Activos financeiros a custe amortizados:** Comprende a conta do subgrupo 26 Fianzas e depósitos constituídos a longo prazo. A data 31/12/2024 ten un saldo de 72,80€, correspondente a fianza de Unión Fenosa (igual importe en 2023).

Concepto	Saldo 2024	Saldo 2023
Fianzas constituídas a L/P	72,80	72,80
<b>Totais.....</b>	<b>72,80</b>	<b>72,80</b>

**Curto prazo**

- **Activos financeiros a custe amortizado.** Recolle as débedas por subvencións concedidas ou captación de recursos pendentes de cobro a finais de ano. O detalle sería o seguinte:

Concepto	Saldo 2024	Saldo 2023
Debedores por subvencións correntes (de actividades) a cobrar	35.970,00	29.220,00
Debedores por subvencións correntes (de actividades) a cobrar vinculadas	12.067,05	61.110,21
Debedores por subvencións Capital a cobrar	0,00	983,59
Debedores correntes (de prazas públicas) a cobrar	37.528,82	22.224,02
Usuarios	3.442,74	4.125,00
Créditos a curto prazo con entidades vinculadas	20.000,00	20.000,00
Periodificacións a curto prazo	5.139,94	3.541,05
<b>Totais</b>	<b>114.148,55</b>	<b>141.203,87</b>



Handwritten signatures and initials in blue ink, including 'MAB', 'Celia Calvino', and others.

Sendo o detalle dos saldos pendentes a final de ano por subvencións e debedores por prazas públicas o seguinte:

Concepto	Saldo 2024	Saldo 2023
<b>Debedores por subvencións correntes</b>		
Subvención Cooperación TR352A 2024/195-00	22.050,00	0,00
Fundación Once	0,00	15.000,00
